

SUXESTIÓNS 05.III.23

-Toda a coesma podemos ambientar o presbiterio **cunha cruz sinxela** para lembrarnos que a coesma é acompañar a Xesús no camiño da cruz que terminará en resurrección e vida.

-**Constrúe o teu recanto Coesmal:** Prepara un espazo significativo durante a Coesma e a Pascua na casa. Que sexa un lugar onde podes poñer un pano morado (en Pascua cambiarase por un branco), neste lugar pon o Evanxeo de cada domingo ou do día. Se che é posible, pon xunto á Palabra un crucifixo, e diante unha cunca baleira, que logo na Pascua encherémola coa auga bendicida na Vixilia Pascual e que conservaremos durante toda a Pascua, da cal, cada día tomaremos unha pouca para persignarnos e lembrar a nosa condición de bautizados, de fillos de Deus. Logo, xa na Pascua, poderás poñer xunto á cruz un cirio, signo da luz de Cristo resucitado, ou ben o que che entreguen na Vixilia ou outro significativo. Así mesmo poderás adornar ese espazo con flores, signo da leducia e da vida.



-Poderíase poñer neste 2º domingo para ambientar, nas escaleiras do presbiterio, diante do altar, **diversas BIBLIAS** ou evanxeos abertos, cun cirio aceso á beira e unha palabra: “Escoitádeo!”; ou poñer esta frase xunto ao ambón.

-Podemos organizar cos nenos unha oración tipo oratorio, por grupos, nalgunha capela colocando un debuxo de Xesús transfigurado, unha biblia cunha palabra “Escoitádeo”, unha cruz.

-Os domingos do ciclo A deberían ter un **sentido de renovación do bautismo**. Os evanxeos deste ciclo A eran as catequeseas coas que se preparaba os adultos, en Coesma, nos primeiros séculos no catecumenado, para recibir o domingo de Pascua o bautismo. Se no domingo pasado fixemos as renunciaseas e a profesión de fe, neste poderíamos facer antes das lecturas o rito do Efectá: “O Señor que fixo oír os xordos e falar os mudos concédavos ao seu tempo escoitar a súa palabra e proclamar a fe, para loanza e gloria de Deus Pai. Amén”.



-Poderíase o domingo pasado explicar o significado do deserto na biblia e neste domingo a **montaña**. “Subiu con eles aparte a un monte alto”, di Mateo. En linguaxe bíblica, o “monte” é o lugar da proximidade de Deus. Para os xudeus a montaña evoca deseguido o Sinaí, o lugar onde Moisés fala con Deus cara a cara e recibe as táboas da lei. Noutro monte os discípulos escoitaran as benaventuranzas, a nova lei, do novo Moisés, Xesús. Desde o Tabor os tres discípulos experimentarán tamén a Transfiguración, anuncio da gloriosa Resurrección.

-Nesta semana recuperemos **espazos para orar e escoitar a Palabra**, Xesús: na casa, na natureza, nunha visita na igrexa ao longo do día, no noso recanto de pensar... Busquemos tempo para a Palabra que ilumina, transfigura, renova, e toda a nosa vida iluminarase. Prestemos especial atención á primeira parte da misa (proclamación e lectura da Palabra).

-**Coida a oración** en grupo e na familia, leva contigo os evanxeos, participa na oración da comunidade. Ora máis. Organizade unha “quedada” de oración, falade con El con naturalidade. Lembra que para orar hai que ter silencio, poñerse os cascos de Deus, aprender a oír a súa música deixando as nosas músicas, sentirnos a gusto ao seu lado, e volver á vida, transformados, cheos de Deus.

TEXTO DO PAPA FRANCISCO

O Papa Francisco ao iniciar a Coresma de 2017 (4-03-2017) puxo un exemplo:

“Alguén dixo: que pasaría se tratamos a Biblia como tratamos o noso teléfono móbil? Se a levásemos sempre connosco, ou polo menos o pequeno Evanxeo de peto, que sucedería? Se nos volvésemos cando nola esquecemos: ti esqueces o móbil...‘Ui! Non o teño, volvo buscalo!’. Se a abrísemos varias veces ao día; se lémos as mensaxes de Deus contidas na Biblia como lemos as mensaxes do teléfono... que sucedería?”.



A ORACIÓN SÁNDANOS

Aos teus amigos, Señor, ocorreulles o mesmo que nos sucede a nós cando oramos.

Sempre que pasamos un tempinho contigo comentamos o ben que nos deixas, canto nos sandas por dentro, como nos dás enerxía á vida...

Despois vén o trasfego de cada día e esquecémoste decontado, nos abafos, no traballo, mentres seguimos lembrando nostáxicos, que ben se estaba contigo!

Organizámonos a vida deixando para Ti as sobra do reloxo.

Vivimos axitados, ocúpannos mil cosas e para un momento que temos de descanso... a tele gáñache a partida; unha película distráenos, ou enviamos un whatsapp.

E imos deixando sentarnos ao teu lado, falar un pouco contigo, aínda que estamos convencidos do ben que nos fai, do que nos descansas, ánimoasnos, dinamízanos e hábitasnos.

Subiches cos teus amigos a unha montaña alta e apartada, nós temos que propoñernos buscar o lugar e o momento axeitado.

Cando estamos contigo a soas facendo silencio e poñémonos á túa escoita ocorrennos o mesmo que a Pedro, a Santiago e a Xoán, que nos cambias totalmente, sentimos que a nosa vida



se transfigura porque Ti posnos en contacto co mellor de nós mesmos, Ti descánsanos do trasfego cotián, impúlsanos a perdoar, reconcílianos connosco mesmos, fasnos os protagonistas da nosa historia e échesnos do teu amor.

Así, dese xeito, podemos con todo e a vida contigo vólvese unha festa. Como non lle imos a contar a todos este secreto que nos enche de gozo?

Mari Patxi Ayerra

VÍDEOS PARA ESTE DOMINGO: Coresma-2ºA, A Transfiguración Mateo 17, 1-9.

-A transfiguración de Xesús, película:

<http://www.youtube.com/watch?v=oWlcWcAsqEU>

-A transfiguración, película: <http://youtu.be/3YM2wbpzijQ> -Mateo 17,1-9,

película: <http://www.youtube.com/watch?v=25izRIHq9SM>

- Transformación, transfiguración, película: <http://youtu.be/fqp0-sIUY04> -A

transfiguración do Señor, debuxos: <http://youtu.be/o-aPj5MBcBI>

-A transfiguración, debuxos: <http://youtu.be/ksef6PGRLk0>

-A transfiguración, monicreques: <http://youtu.be/qnaa14SDjTI>

- A transfiguración, animación en inglés: <http://youtu.be/fmxybjvyou0>
http://youtu.be/qfx_2AwzH5A
- A Transfiguración, explicación:
<http://www.youtube.com/watch?v=yzZDPWafJ2I>
- Os meus fillos- Verbo Divino 2011, reflexión:
<https://www.youtube.com/watch?v=jXP3aNUaFy4>
- Abre os ollos, reflexión, Verbo Divino 2014:
<http://www.youtube.com/watch?v=fU9zS4g9Mlw>
- O encontro, reflexión, VD 2017:
<https://www.youtube.com/watch?v=bGnln6TobFw>
- Escoitar, V D 2020: <https://www.youtube.com/watch?v=-Sgydk65EtY>
- Identidade, Verbo Divino 2023, reflexión:
<https://www.youtube.com/watch?v=8PyesSc4qVQ>
- A transfiguración, P. Larrea, canción:
<https://www.youtube.com/watch?v=EfZSoj4hU0ou>
- Xesús é, Unai Quirós, Coresma A, canción:
<https://www.youtube.com/watch?v=PDwp-M7E5UI>
- Pray, orar, cadea de oración:
<https://www.youtube.com/watch?v=65HJ6VRczKg>
- Que é a Coresma, explicación:
<https://www.youtube.com/watch?v=vX7UxXRnAqQ>
- Que ben se está aquí, canción:
<https://www.youtube.com/watch?v=TgDLxUp0pis>
- A transfiguración, canción de Javier Bru:
https://www.youtube.com/watch?v=J_letDwFjp0
- Lecturas con linguaxe de signos:
<https://www.youtube.com/watch?v=VbRb1vmW8ZM>
https://www.youtube.com/watch?v=YN_OlgU3zKw
https://www.youtube.com/watch?v=h1Ab_4YwfAw

